
TÉCNICAS FREINET DA ESCOLA MODERNA

Texto de CÉLESTIN FREINET

Tradución e epílogo de ANTÓN COSTA

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm.

Biblioteca de Pedagogía, nº 9.

...A pedagogía Freinet da Escola Moderna ten a pretensión de aportar as respostas indispensables e non só respostas teóricas sempre fáciles, senón sobre todo a proba de que as teorías xenerosas dos grandes pedagogos poden volverse actualmente realidade, que xa en miles de escolas veñen afirmando os seus beneficios e que, polo tanto, xa hai unha esperanza nos camiños aínda caóticos do futuro...

Célestin Freinet practicou unha nova maneira de entender a escola, partindo da idea dos nenos e das nenas como persoas completas con grandes capacidades e desenvolvendo as súas destrezas para a aprendizaxe de forma autónoma. Este pedagogo sostiña que o centro da escola está nos educandos, non nas materias. Neste sentido, as súas propostas incidían na necesidade de substituír as leccións dende a cátedra por métodos activos e participativos baseados no tanteo experimental para afianzar a aprendizaxe dende a investigación, a experiencia e a experimentación.

Cos seus plantexamentos, Freinet diferenciouse das referencias pedagóxicas anteriores: “É a primeira vez na historia da pedagogía que un intento de renovación parte radicalmente da base”.

Freinet impulsou unha pedagogía moderna que achegou novas técnicas, modernizou o material escolar e os instrumentos, empregando a tecnoloxía da época como soporte para adquirir coñecemento. Comprometido cos máis desfavorecidos, o seu campo de traballo foi a escola rural, cuxo alumnado eran os fillos e fillas dos campesiños.

Entre as súas innovacións destacaron a introdución nas aulas da imprenta para reproducir textos libres escritos polo alumnado, a correspondencia interescolar e intercambio de experiencias con outros centros ou a asemblea e a cooperativa da clase; mais tamén o cinema, a radio e os discos. Promoveu a clase-paseo para favorecer o interese pola natureza, a observación e a escoita, a formulación de preguntas e a busca de respostas. Potenciou as matemáticas a través do cálculo como instrumento para medir campos, calcular prezos e pesar obxectos. Ademais, apostou pola aprendizaxe da lectura dende una visión comprensiva.

Como dicía Freinet, o reto estaba en “mudar as relacións entre Escola e Vida, entre nenos e mestres, para adaptar e readaptar a escola ao medio”, procurando un mellor rendemento. Milleiros de colexios en Francia e noutros países apostaron polo seu modelo.



-
- **Temática:** renovación pedagóxica.
 - **Receptores:** educadores.
 - **Aspectos destacables:** da colección *Biblioteca de Pedagogía* que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: [“A cidade dos nenos”](#) e [“Cando os nenos din Basta!”](#), de Francesco Tonucci, [“Educación para un mundo novo”](#), de María Montessori; [“A imaxinación e a expresión artística na infancia”](#), de Lev Vigotski, [“Carta a un profesor mozo”](#), de Philippe Meirieu, [“A psicoloxía infantil e a nova educación”](#), de Jean Piaget; [“Pedagogía do oprimido”](#) de Paulo Freire; e [“Carta a una profesora”](#) da Escola de Barbiana.
-

Célestin Freinet

(Francia, 1896 - 1966)

Iniciou a súa traxectoria como mestre nos Alpes. Escribiu artigos en revistas especializadas e participou en congresos alentando unha nova escola popular proletaria. En 1926 casou coa mestra Élise Lagier-Bruno, creou a *Coopérative de l'Enseignement Laïc* e dirixiu a publicación *L'Éducateur Proletarien* mentres militaba no Partido Comunista e no sindicalismo. En 1935 puxo en marcha unha escola libre experimental en Vence para alumnado con escasos recursos. Durante a II Guerra Mundial formou parte da Resistencia contra o Goberno de Vichy e estivo preso. Trala súa liberación e a fin da II Guerra Mundial, retomou a actividade docente. En 1948 a cooperativa transformouse en Instituto Cooperativo da Escola Moderna (ICEM), en Cannes, para impulsar o traballo cooperativo entre docentes de toda Francia. En 1957 creou a Federación Internacional de Movementos para a Escola Moderna. Célestin e Elise Freinet tamén escribiron un considerable número de textos pedagóxicos.